

OLA A TODOS! COMO ESTADES? SEGURO QUE SEGUIDES MOI BEN.

QUE CALOR FAI ESTES DÍAS, EH? ESTE MES DE XUÑO COMEZA O VERÁN, AÍNDA QUE AS ÚLTIMAS SEMANAS DE MAIO... XA ESTIVO MOI BO TEMPO, VERDADE?

PARA ESTE MES, TRAIIVOS UN REFRÁN DUNHA FESTA DESTACADA. A VER SE ESTE ANO A PODEMOS CELEBRAR... PERO DE SEGURO QUE MOITOS DE VÓS LEMBRADES A DO ANO PASADO...



**NO SAN XOÁN
A SARDIÑA MOLLA O PAN**

E A VÓS?? GÚSTANVOS AS SARDIÑAS? UMMM... QUE RICAS!

O SAN XÓAN É O DÍA 23 DE XUÑO POLA NOITE.

E SABEDES POR QUE? POIS ADEMAIS DO SIGNIFICADO RELIXIOSO, ESTE É UN DÍA PARA FESTEXAR A CHEGADA DO VERÁN.

PARA ISO, EN TODO SAN XOÁN HAI ALGO QUE NON PODE FALTAR....
ALGUÉN SABE O QUE É??

EXACTO!! UNHA FOGATA!!

PREGUNTADE ÓS VOSOS FAMILIARES MÁIS SOBRE ESTA FESTA. SE ADOITADES CELEBRALA, ONDE, CON QUEN,...

DEIXOVOS UN ENLACE DUNHA CANCIÓN DE PABLO DÍAZ QUE SE CHAMA COMA O REFRÁN DESTE MES. ESPERO QUE VOS GUSTE.

<https://www.youtube.com/watch?v=Hx-zNfrPWyE>